

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE POSTOS DO MERCADO DA LIII FESTA DA ANDROLLA

1. ORGANIZA

O Concello de Viana do Bolo, con domicilio na Rúa Constitución nº 14, Viana do Bolo (Ourense) C.P. 32550 e o CIF nº P3208700I- , en diante, “A Organización”.

2. OBXECTIVO

O Concurso ten como obxectivo a decoración e ornamentación dos postos de venda que participen no mercado da LIII Festa da Androlla ubicado na entrada do Pavillón Municipal de Viana do Bolo o domingo 2 de marzo.

3. PARTICIPANTES

Participarán no concurso todos os postos comerciais que formen parte do Mercado da LIII Festa da Androlla sen que sexa preciso inscribirse.

5. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

a) Os elementos decorativos para engalanar os postos deixaranse á libre elección das persoas participantes, sempre en canto cumpran as normas básicas de convivencia e respecto. Poderán usarse flores, ornamentos tradicionais, tecidos, iluminación non perigosa, etc.

b) En caso de que se produza algún tipo de defecto do material que forma parte da decoración durante o período de exposición, deberá ser substituído ou retirado, sendo responsabilidade do/a particular que montou a decoración.

c) A realización do concurso e a entrega de premios require unha participación mínima de 8 postos comerciais. Se o número é menor daranse os premios por desertos.

6. PREMIOS

Outorgaranse 3 premios para os postos gañadores:

- 1º Premio: 4 entradas para a LIV Festa da Androlla (edición do ano 2026)
- 2º Premio: 3 entradas para a LIV Festa da Androlla (edición do ano 2026)
- 3º Premio: 2 entradas para a LIV Festa da Androlla (edición do ano 2026)

A data de comunicación das persoas gañadoras terá lugar durante o mes de marzo publicando as persoas gañadoras na páxina web e nas redes sociais do Concello de Viana do Bolo. Os/as gañadores/as tamén serán avisados/as telefónicamente.

7. XURADO

Será designado pola Organización e estará composto 3 persoas imparciais e independentes.

O Xurado visitará sen previo aviso e de xeito individual ou grupal os postos participantes.



O fallo do Xurado, que será inapelable, farase público durante o mes e marzo na páxina web do Concello de Viana do Bolo e as persoas gañadoras serán avisadas telefonicamente.

O Xurado reservase o dereito de resolver todas as situacións non contempladas nestas bases, así como o dereito a declarar desertos os premios por motivos xustificadas e/ou se non se consegue un mínimo de inscricións no concurso (8 postos mínimo).

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado, na súa labor de selección dos postos premiados neste concurso , valorará fundamentalmente os seguintes aspectos:

- a) Deseño da composición
- b) Orixinalidade e creatividade
- c) Uso de materiais reciclados
- e) Vistosidade da composición

9. ACEPTACIÓN DE BASES

A Organización resérvase o dereito de modificar ou tomar iniciativas non reguladas nas bases, sempre que poidan contribuír a un maior éxito desta convocatoria.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, a conformidade absoluta coas decisións do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

Así mesmo, autorízase á Organización a realizar fotografías aos postos participantes, reservándose todos os dereitos, puidendo ser usadas para a súa publicación en calquera medio.

En Viana do Bolo, a 29 de xaneiro de 2025

O Alcalde, Andrés Montesinos Rodríguez

Documento asinado dixitalmente

